

# RESUMO DA PROGRAMACIÓN

|            |                    |
|------------|--------------------|
| MATERIA    | TECNOLOXÍA         |
| CURSO      | 2º                 |
| PROFESOR/A | SIMEÓN NEIRA LÓPEZ |

## 1 CONTIDOS

### 3.1. 2º ESO

| PROXECTO  | DISTRIBUCIÓN CONTIDOS NO PROXECTO |   | Temporalización |              |
|---|-----------------------------------|---|-----------------|--------------|
|   | Bloque                            | Contido   | 1º Trimestre    | 2º Trimestre |
| <u>Diseño e construción da máquina de <a href="#">rube goldberg</a></u> | <b>B1</b>                         | <b>Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos</b>  |                 |              |
|   | B1.1                              | Fases do proxecto tecnolóxico. A tecnoloxía como resposta ás necesidades humanas  | X               |              |
|   | B1.2                              | Deseño de prototipos ou maquetas para resolver problemas técnicos.  | X               |              |
|   | B1.3                              | Planificación e construción de prototipos ou maquetas mediante o uso responsable de materiais, ferramentas e técnicas axeitadas.    | X               | X            |
|   | B1.4                              | Traballo en equipo. Distribución de tarefas e responsabilidades. Seguridade no ámbito de traballo.                                  | X               | X            |
|   | B1.5                              | Documentación técnica. Normalización. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.                                 | X               |              |
|   | <b>B2</b>                         | <b>Bloque 2. Expresión e comunicación técnica</b>   |                 |              |
|   | B2.1                              | Elementos de información de produtos tecnolóxicos: esbozos e bosquejos  | X               |              |
|   | B2.2                              | Documentación técnica asociada a un produto tecnolóxico. Aplicacións informáticas de deseño gráfico por computador ou de simulación | X               |              |
|   | <b>B3</b>                         | <b>Bloque 3. Materiais de uso técnico</b>   |                 |              |
|   | B3.1                              | Materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos.   | X               | X            |
|   | B3.2                              | Propiedades dos materiais técnicos: técnicas de identificación  | X               | X            |
|   | <b>B4</b>                         | <b>Bloque 4. Máquinas e sistemas: electricidade, electrónica e control</b>  |                 |              |
|   | B4.1                              | Efectos da corrente eléctrica. Lei de Joule.  | X               |              |
|   | B4.2                              | Circuíto eléctrico: magnitudes eléctricas, elementos, funcionamento e simboloxía. Lei de Ohm.                                       | X               | X            |
|   | B4.3                              | Instrumentos de medida das magnitudes eléctricas básicas  |                 | X            |
|   | B4.4                              | Deseño, simulación e montaxe de circuítos eléctricos e electrónicos básicos   |                 | X            |

| Avaliación                   | UNIDADES DIDÁCTICAS   |            |  | Referencia<br>Libro texto  | Temporalización            |               | Probas<br>avaliación |   |
|------------------------------|---|------------|--|----------------------------|----------------------------|---------------|----------------------|---|
|                              | Tema /<br>U.D.  | Bloque     | Contido  |                            | Mes                        | Sesións       |                      |   |
| <b>3ª</b><br><b>Avaliac.</b> |   | <b>B 4</b> | <b>Bloque 4. Máquinas e sistemas: electricidade, electrónica e control</b>                                 |                            |                            |               |                      |   |
|                              | 4   | B4.5       | Sistemas de control por computador. Elementos básicos de programación                                      | Apuntes elaboración propia | Maio/<br>Xuño              | 10            | x                    |   |
|                              | 5   | <b>B 5</b> | <b>Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación</b>  |                            |                            |               |                      |   |
|                              |   | B 5.1      | Elementos dun equipamento informático  |                            | Apuntes elaboración propia | Maio/<br>Xuño |                      |   |
|                              |   | B 5.2      | Ferramentas e aplicacións básicas para a procura, a descarga, o intercambio e a publicación de información |                            |                            |               |                      | x |
|                              |   | B 5.3      | Medidas de seguridade no uso dos sistemas de intercambio de información                                    |                            |                            |               |                      |   |
| B 5.4                        | Deseño, elaboración e comunicación de proxectos técnicos coas tecnoloxías da información e da comunicación. |            | x  |                            |                            |               |                      |   |

## 2.AVALIACION

A avaliación pode ter varias finalidades. Podemos falar de avaliación para cualificar, poñer nota ou decidir a promoción ou titulación tamén avaliación para orientar a aprendizaxe do alumnado. Na práctica diaria mestúranse as dúas finalidades,

### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CONTINUA

#### **1. Probas escritas.**

Trátase de probas de avaliación por escrito (exames) Terán unha valoración numérica de (1-10)

**2. Probas prácticas.** Consistentes na realización de algunha actividade de carácter práctico proposta polo profesor a efectos de avaliación. Terán unha valoración numérica de (1-10)

#### **3. Probas discrecionais.**

Están destinadas a estimular a atención do alumno n a clase e o seguimento da materia polo mesmo. Suporán unha bonificación ou penalización para o alumno que se establece máis adiante. Axustaranse ás seguintes condicións:

- Non é necesaria asúa programación nin anuncio previos.
- Poderán ser escritas, orais ou prácticas.
- Poderán afectar a todo colectivo da clase, a unha parte dos alumnos ou a un só alumno.
- Cada proba será cualificada con **“+” (Ben, bonificación de 0,25 puntos)**, **“-” (Regular, valor neutro)** ou **“-” (Mal, penalización de 0,25 puntos)**. Se, a efectos de corrección, a proba se califica

numericamente de cero a dez puntos, establece a seguinte equivalencia:

**4. Observación de traballos escritos ou construídos a nivel individual ou en equipo.** (valoración de 1-10)

**5. Observación directa da actividade do alumno en clase.** (faranse distintas observacións en distintos días aleatorios e cualifícanse de 1-10)

**6. Revisión dos traballos propostos para a casa.** (valoración de 1 a 10)

• Os métodos de avaliación especificados no apartado anterior, apóianse nos **recursos para a**

• Os procesos de avaliación dos contidos específicos da materia (contidos non transversais, de carácter científico-técnico) e dos contidos relativos a actitudes valores e normas (AVN, descritos máis adiante) serán diferenciados, considerándose estes últimos superados de partida. Os contidos criterios relativos a AVN serán avaliados por penalización, que se aplicará sobre a cualificación obtida da

avaliación dos contidos específicos.

Todo o sistema de baremación aquí descrito parte de **tres tipos básicos** de cualificacións:

- a. Cualificacións parciais ordinarias..**
- b. Cualificacións por probas discrecionais de clase** (bonificación ou penalización, máximo  $\pm 2$  puntos)..
- c. Cualificacións por actitudes, valores e normas** (penalización, máximo -2 puntos).

● A táboa seguinte relaciona estas cualificacións cos instrumentos de avaliación:

| Instrumentos de avaliación nos que se basean as cualificacións básicas.                     |                                    |  |                       |
|---|------------------------------------|--|-----------------------|
| Cualificacións básicas<br>Instrumentos de avaliación  | Cualificacións parciais ordinarias | Cualificación por probas discrecionais | Cualificación por AVN |
| Probas escritas.  | X                                  |  |                       |
| Probas prácticas.   | X                                  |  |                       |
| Probas discrecionais (colectivas/individuais)   |                                    | X                                      |                       |
| Observación de traballos escritos ou construídos.   | X                                  |  |                       |
| Observación directa da actividade do alumno en clase.                                       | X                                  |  | X                     |
| Observación do caderno de Tecnoloxía.   | X                                  |  | X                     |
| Observación do material do alumno (conservación, existencia,                                | X                                  |  | X                     |
| Revisión dos traballos propostos para realizar fóra do horario lectivo do alumno (deberes). | X                                  |  | X                     |

● Por razón de tradición e comodidade, chamaremos “**proba ordinaria**” a calquera actividade ou proceso de avaliación **en primeira instancia**,

Do mesmo xeito, chamaremos “**proba de recuperación**” a calquera actividade ou proceso de avaliación **destinada á mellora da cualificación** obtida nunha proba ordinaria.

**● O alumno terá dereito, como mínimo, á realización por unha vez das probas de recuperación correspondentes ó primeiro e ó segundo trimestre, sempre que existan probas e actividades de avaliación ordinarias susceptibles de tal dereito. Estas probas realizaranse preferentemente ó comezo do trimestre seguinte.**

Cando se programe unha proba de recuperación, estarán obrigados a presentarse á mesma todos os alumnos que teñan a proba ordinaria correspondente avaliada negativamente con unha cualificación inferior a 4 puntos. Os alumnos que non cumpran coa obriga de presentarse outorgaráselles unha cualificación de cero puntos na proba de recuperación.

● Os alumnos que **non asistan** a algunha proba ordinaria ou de recuperación, estarán suxeitos ás seguintes posibilidades:

- Se é posible realizar a cualificación sen a presenza do alumno, non haberá maiores consecuencias que as da propia falta de asistencia (traballos realizados).

- Se é posible (polas características da proba, o tempo dispoñible, etc.), realizarase a proba noutra data. Esta opción está suxeita á previa xustificación da falta de asistencia segundo o establecido polo Regulamento de Réxime Interior do centro; **en caso de non xustificación, outorgarase unha cualificación de cero puntos.**

- Se non é posible realizar a proba noutra data:

- alumno non xustifica a falta: outórgase unha cualificación de cero puntos.

• alumno xustifica a falta: outórgase unha cualificación igual á media ponderada das probas realizadas ata o momento desde o inicio do curso.

**• Os criterios de carácter transversal relacionados con actitudes, valores e normas (AVN) serán avaliados por observación directa do alumno e son os que se relacionan a continuación:**


- Respetar a integridade física, moral e afectiva de todas as persoas.
  - Respetar e conservar os recursos e instalacións do centro.
  - Respetar o dereito ó traballo e ó estudo dos demais membros da comunidade educativa.
  - Respetar e conservar os enseres dos demais membros da comunidade educativa, así como os do propio alumno.
  - Manter o espazo de traballo nas debidas condicións de limpeza.
  - Contribuír ó normal desenvolvemento das clases nas condicións axeitadas.
  - Asistir ás sesión de clase con puntualidade salvo causa xustificada.
  - Respetar as normas de seguridade e saúde na aula.
  - Aportar o material de alumno requerido polo profesor.
  - Presentar o caderno do alumno ao profesor o solicite, cos contidos a orde requeridos.
  - Presentar as tarefas encomendadas polo profesor no debido tempo e forma (deberes, traballos, etc)
  - Realizar as tarefas encomendadas polo profesor nas condicións indicadas, sen aproveitarse indebidamente do traballo de outras persoas.
- Regístrase no caderno do profesor unha anotación negativa por cada ocasión en que se observe un incumprimento destes criterios.

• Penalizacións por accións ilícitas durante a realización de probas de avaliación.

| Accións ilícitas   | Penalización.   |
|--|---|
| Calquera acción leve destinada a obter ou proporcionar información ilícita (comunicarse con un compañeiro de forma leve sen facer uso de medios materiais, mirar o exame de un compañeiro ou amosar o propio en forma leve). (*) | Desconto do 10% da puntuación máxima da proba.  |
| Accións graves destinadas a obter ou proporcionar información ilícita, apoiándose en medios materiais (libro, caderno, follas de notas-chuletas-, intercambio de exames, etc.).  | Interrupción da proba e adxudicación automática de unha cualificación de cero puntos. |

• En cada sesión de avaliación oficial emitirase para o alumno unha nota resultante de todo o proceso de avaliación do período correspondente ao trimestre en cuestión

**ESQUEMA BÁSICO DO PROCESO DE CÁLCULO DE CUALIFICACIÓN**



|   |  |
|---|--|
| ↓   |  |
| <b>Cualificación integrada de trimestre(0 a 10 puntos)</b><br><u>Suma da cualificación específica de trimestre máis a cualificación por AVN (penalización).</u> |  |

?

## **NOTA FINAL TRIMESTRE (BOLETÍN avaliación oficial)** **media ponderada das "cualificacións integradas de trimestre " dos trimestres vencido**

### **PROCEDEMENTO AVALIACIÓN FINAL**

Cualificación da **avaliación final ordinaria do mes de xuño**. Será a media aritmética da Cualificación integrada dos tres trimestres, tomando para o cálculo a cualificación intregrada de trimestre con dous decimais .

A nota do boletín de cualificación, será a de avaliación final ordinaria con cero decimais. Aproximando o número enteiro máis próximo.

### **PROCEDEMENTO AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA**

Nas probas extraordinarias de setembro empregaranse como instrumentos de avaliación probas escritas ou probas prácticas, segundo o descrito nesta programación.

Rexen as condicións establecidas nesta programación para as "probas ordinarias" ,salvo aquelas que puideran non ser procedentes. Rexen as penalizacións por acción ilícitas durante a realización de probas de avaliación ,descritas nesta programación.

Para obter unha cualificación positiva (aprobado),o alumno deberá superar a totalidade dos estándares de aprendizaxe

### **PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES**

No caso dos pendentes de 2º da Eso que cursen 3º pódense dar dúas circunstancias:

Si superan os contidos de 3º consideranse superados os de 2º

Os alumnos poderan realizar probas extraordinarias durante o curso ( unha por trimestre) sempre que o desexen ou en caso de non superar os contidos de terceiro.

Rexen as condicións establecidas nesta programación para as "probas ordinarias" ,salvo aquelas que puideran non ser procedentes. Rexen as penalizacións por acción ilícitas durante a realización de probas de avaliación ,descritas nesta programación.

Para obter unha cualificación positiva (aprobado),o alumno deberá superar a totalidade dos estándares de aprendizaxe.

